

**ACTA NUMERO TRINTA E SEIS DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE
DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Ángel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. Mario Caldas Agís
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Albino Caneda González
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José Ramón López Fernández
D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a Gloria González Camiña

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

430º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2010 . Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación a acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

431º) PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE APROBACIÓN INICIAL DO PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO DA FINCA Nº 60 DO ÁMBITO TERRITORIAL DO SOLO URBANIZABLE Nº 22 DO PXOU DE SANXENXO, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, NON ACHEGADA Á XUNTA DE COMPENSACIÓN POR NON INCORPORARSE A ÉSTA O SEU PROPIETARIO. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 23 de setembro sobre esta proposta.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: cero**

Votos pola **abstención: 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto).**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao proxecto de Expropiación da Parcela nº 60 do ámbito territorial do Plan Parcial do SU-22 do PXOU de Sanxenxo, asinado por D^a Begoña Mirón Escaloni, en nome da Xunta de Compensación, polo letrado D. Calixto Escariz Vázquez, e polo Arquitecto D. Rubén Inchaurrega Ruiz, con data de Visado do Colexio de Arquitecto de Galicia de 16 de decembro de 2009.

SEGUNDO: Expoñer ao público o proxecto de expropiación referido no punto anterior, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e nun dos periódicos de maior circulación da provincia de Pontevedra.

TERCEIRO: Notificar ao titular do ben obxecto do expediente expropiatorio a folia de aprecio e a proposta de fixación dos seus criterios de valoración, para que poida formular as alegacións que ao seu dereito conveñan, durante o prazo dun

mes a contar da data de notificación do acordo que se adopte polo concello pleno.

CUARTO: remitir o expediente ao organismo competente a fin de que, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais en mano común, emita o seu perceptivo informe.-----

432º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CESIÓN GRATUÍTA Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE DÚAS PARCELAS PARA A SÚA OCUPACIÓN POLA CALZADA ANULAR DA GLORIETA NO PUNTO QUILOMÉTRICO 10.600 DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-550. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 23 de setembro sobre esta proposta.

Non se produce debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, na que pola unanimidade de tódolos membros presentes da Corporación, adoptouse o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Ceder gratuitamente a Xunta de Galicia- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras- as parcelas, cualificadas como bens patrimoniais, que a continuación descríbense a efectos da súa ocupación pola calzada anular da glorieta no punto kilométrico 10.600 da estrada autonómica PO-550, así como os seus entronques dende a citada estrada:

-Parcela de 407 m2, de titularidade do Concello de Sanxenxo, segregada mediante acordo plenario de data 28-VII-2.009 da finca rexistral 43.067 do Rexistro de Propiedade de Cambados, sita en Xuncablanca-Vilalonga e que linda ao norte e oeste co resto da finca rexistral 43.067 resultante da segregación citada e ao sur e este coa estrada autonómica PO-550.

-Parcela de 412 m2, de titularidade do Concello de Sanxenxo, restante da parcela rexistral 38.377 do Rexistro de Propiedade de Cambados que foi obxecto de segregación efectuada mediante acordo plenario de data 28-VII-2.009, sita na rúa Altamira-Vilalonga e que linda ao norte e oeste coa estrada autonómica PO-550 e ao sur e este coas dúas parcelas segregadas da finca rexistral 38.377 e co vial C do solo urbanizable A-27.

SEGUNDO: *No suposto de que as parcelas deixara de prestar servizo para o que son cedidas reverterán ao Concello de Sanxenxo.*

TERCEIRO: Facultar a Sra. Alcaldesa D^a Catalina González Bea para a sinatura de cantos documentos e escrituras fosen necesarios para a execución deste acordo.

CUARTO: Dar conta deste acordo a Xunta de Galicia a efectos de cumprir o disposto no art. 109.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

433º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 19 DE XULLO AO 15 DE SETEMBRO DE 2010 (DE RES. Nº 952/10 Á Nº 1173/10). A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía dictadas dende o 19 de xullo ao 15 de setembro de 2010, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por enteirada.-----

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓNS :

434º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A INTEGRACIÓN NO “PROXECTO PÍO” REALIZADO POLO CONCELLO DE O GROVE: Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Todos sabemos da importancia medioambiental, paisaxística e natural da Ensenada de O Bao, dispoñemos dunha Aula de Natureza en Vilalonga, protexemos no plan xeral zonas que teñen un importante valor natural pero non fixemos o esforzo necesario para integrarnos no Proxecto Pío realizado polo Concello do Grove.

Pío é un novo modelo de desenvolvemento turístico, comprometido co medio natural, solidario co territorio e centrado na sustentabilidade dos recursos. Inclúe actividades de formación e divulgación, pero tamén un plan de inversión que permitirá crear unha infraestrutura acorde as necesidades do ornitólogo e totalmente integrada no entorno.

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

ROGOS :

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11/05/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 3336) : Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

No parque infantil do Espiñeiro, en Portonovo existen xogos infantís os que lle faltan pezas, debido a roturas ou o propio desgaste polo uso dos mesmos. Nos podemos esquecer que este parque é utilizado por moitos nenos.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan todos os trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11/05/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 3337) : Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Na praza pública de Adina, os bancos de madeira están rotos, as táboas de madeira e os tornillos están tirados no chan. Ademais as porterías do campo de fútbol non teñen redes. (Adxuntamos fotografías).

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan todos os trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””

A **Sra. Aguín Pombo** engadiu que dado o tempo transcorrido dende que se efectuou este rogo os bancos xa se arranxaron pero as porterías seguían na mesma situación.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30/06/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 5294) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Dende fai moitos meses na estrada de Dorrón-Bordóns estase levando a cabo obras de ensanchamento e asfaltado por parte da Diputación de Pontevedra. Concretamente na estrada de Dorrón hacia Barreiro hai unha rotonda provisional a cal resulta moi perigosa debido ao seu desprazamento hacia o lado dereito. Creemos que é necesario unha revisión da mesma mentres que non é definitiva por parte dos técnicos da Diputación de Pontevedra. Adxuntamos fotografía.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan todos os trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”””””-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 21/05/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 3698) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“””””José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, para su respuesta en pleno ordinario, o si lo tiene a bien por escrito antes de la celebración del mismo, efectúa las siguientes PREGUNTAS Y RUEGOS:

- Cuando tiene pensado darle contenido a través del uso constante, diario, a la nave conocida como “A Telleira”, en Salgueira, Vilalonga. Cabe recordar que en dicha obra fueron gastados 1.127.583 €. además de las mejoras ofertadas, lo que nos llevó a muchos mas de doscientos millones de pesetas; hay que sumarle intereses bancarios, pues debemos recordar los prestamos solicitados y de los cuales se deben mas de doce millones de euros.

- Cuando tiene previsto empezar la construcción de la Guardería de Vilalonga que tantas veces anunciaron y rematar el edificio socio cultural, iniciado y paralizado, lo que está encareciendo lo realizado, pues estamos pagando intereses a los bancos.

- Cuando tiene pensado empezar el edificio Sociocultural que llevaría incluida la guardería de Portonovo del cual anunciaron su construcción en 2007 sacándolo a concurso de forma irregular pues no había proyecto de ejecución ni dinero para su construcción, por lo que no se ejecutó.

- La fecha en la que tienen previsto continuar con la ciudad deportiva de Sanxenxo, recuerden que ante el pleno nos anunciaron su inmediata continuación en los años 2008 y 2009. Y a que se debe que la directiva del Juventud de Sanxenxo cesase de su demanda, cuando hace dos años estaba a punto de montar una manifestación, según palabras de su presidente, para que la capital del municipio tuviese su campo de fútbol. Recordemos que ya han derrochado 419.529,65euros. Lo que equivale al 25% del proyecto de la ciudad deportiva, ¿alguien se puede creer que allí se encuentre invertido el 25% del proyecto (teniendo en cuenta que el destierre fuera realizado con cargo al puerto deportivo, en los años 1996 al 1998). La obra lleva casi 4 años parada, mientras pagamos intereses de mas de 12 millones de

euros (2.000 millones de pesetas), que solicitaron en créditos.

Ruegos:

- Nos puede decir cuando tiene pensado dotar a la tercera edad, de la villa, de un local o edificio más acorde con el uso. Le recordamos que el actual no es apropiado para dicho servicio a la comunidad de nuestros mayores y están pagando por el mismo 1.959,90 euros de alquiler mensual, 23.518,80 anuales. Cantidad suficiente para hacerse con uno propio y no derrochar el dinero de nuestros vecinos.

- Nos puede informar cuando tiene pensado sacar a concurso las instalaciones para dedicar al club de piragüismo con sede en Portonovo. Hemos visitado las actuales instalaciones y comprobado que las sardinas enlatadas están mejor acomodadas y mas espaciosas, todo ello a pesar de lo bien conservado y ordenado que se encuentra. """"

A **Sra. Alcaldesa** preguntoulle ao Sr. Rodríguez Lorenzo se se trataba dun rogo ou dunha pregunta, posto que tiña dúbidas, tanto pola entonación utilizada polo concelleiro na lectura como polo texto do escrito, no que ademais se tocaron moitos temas diversos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que motiva os seus rogos como cre conveniente e a súa vez preguntou cando se lle podía responder.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que os rogos non teñen porque contestarse.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 11/09/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 7146) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación manifiesta:

La carretera EP-9.205, mas conocida por los vecinos del municipio de Sanxenxo como la carretera de Fontoira, es la causa de muchos sustos a vecinos que habitan sobre todo en el primer kilómetro de la misma.

Hace un par de anos solicitábamos desde VIPS la mejora en toda ella de su señalización vertical y horizontal, lo cual fue atendido malamente.

Ahora unos vecinos de la zona, se nos quejan de que han solicitado en la diputación y en el concello que se le pinten unos pasos de cebra en la misma, además de la señalizaciones verticales que los anuncien y que nadie les hace caso.

Desde VIPS, recomendamos a los responsables la urgente señalización de dichas prioridades para los peatones. No esperemos a que ocurra la desgracia y luego nos lamentemos. Lo que, al parecer, estuvo a punto de ocurrir con el miembro de una familia que reside dentro de ese primer kilómetro.

Debemos recordar que en la misma se encuentra el cementerio municipal y que eso hace que dicho vial (además de los vecinos de la zona), sea muy concurrido.

Lo que se solicita es de gran necesidad y entendemos que es mas justificado el gasto en dichas seguridades que el hacerlo en dos monolitos con motivo del ensanche de la carretera de San Xínés en Padriñán.

Por todo lo anterior le hacemos el siguiente RUEGO:

Haga las gestiones necesarias para atender dicha demanda de los vecinos de Fontoira y Nantes. No podemos estar hablando de seguridad vial un solo momento más y tener ese peligro presente.

Lo que le recomendamos se haga previo estudio de las zonas a señalar, nunca como en la Carretera general a Pontevedra, en la que fueron pintados con poco criterio. """"-----

PREGUNTAS :

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 27/09/10 : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""**Dona Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Durante este últimos anos con motivo da celebración das Festas de Portonovo prodúcese unha polémica entorno a acampada itinerante no lugar de Vichona por parte dos feirantes que participan na celebración das festas.

Os veciños da Vichona móstranse indignados porque ven ano tras ano como se produce dita acampada. Este ano houbo declaracións cruzadas por parte do colectivo vecinal e por parte do grupo de goberno respecto a legalidade, competencia ou ilegalidade da mesma.

1º ¿Pode dicirnos si para o grupo de goberno, esta acampada itinerante é legal ou ilegal?.

2º ¿Para vostedes é unha cuestión privada ou de ámbito municipal?.

3º En declaracións nos medios de comunicación o pasado mes de Marzo, manifestaban que o goberno local non permitirá que se habilite nin se de cobertura a ningún emprazamento que non reúna as características concretas dunha zona de acampada, manifestando que se levaría a cabo a contratación de prazas de cámping en calquera dos establecementos deste tipo que existen no municipio, o cal se incumpriu totalmente. ¿O próximo ano van seguir autorizando a acampada no lugar da Vichona?.""""

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non se autorizou ningunha acampada e que se trataba dunha propiedade particular, engadindo que en marzo se lle comunicou por escrito á Comisión de Festas que tiñan que buscar unha solución a este problema, respondendo que dado que tiñan xa compromisos adquiridos polo que era difícil cambiar a ubicación. Se intentou un cambio para unha finca no Pombal, pero ante a protesta dos veciños daquela zona, se instalaron na Vichona, indicando que, para o vindeiro ano, se tratará de evitar que se repitan situacións como a de este ano.

A **Sra. Aguín Pombo** solicitou que se lle respondera concretamente a

pregunta de si a acampada itinerante era legal ou ilegal, respondendo a **Sra. Alcaldesa** que na súa consideración non existiu acampada. Tamén a **Sra. Aguíñ Pombo** incidiu en que se lle contestara á pregunta de si era unha cuestión privada ou de ámbito municipal respondendo a Sra. Alcaldesa que privada.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 27/09/10 : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**Dona Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

O pasado día 24 de Setembro rematou o prazo para inscribirse nas escolas municipais para o curso 2010-2011.

1º ¿Pode dicirnos cal é o número total de nenos que se inscribiron en este curso nas escolas municipais?.

2º ¿Pode dicirnos o número de alumnos que se anotaron por cada especialidad?.

3º ¿Pode facernos unha comparativa dos datos con respecto o curso 2009-2010?.

4º ¿Pode darnos todos estos datos por escrito?.”””””

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que contestaría por escrito cando tivera os datos.-----

A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, manifestou que retiraba as preguntas presentadas mediante escritos con rexistro de entrada números **4013 e 4015**.

O voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo** manifestou que retiraba a pregunta presentada mediante escrito co rexistro de entrada número **7780**.

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 27/08/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 6761) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo** dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**José L. Rodríguez Lorenzo**, concejal representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación expone:

Sres./as Concejales/las del grupo de gobierno, especialmente al concejal que ostenta la delegación del área de urbanismo:

Hemos invertido en el polígono de Nantes (además de otro dinero y trabajo), la cantidad de 1.500.000 euros en los accesos, mas los intereses pues debemos a los bancos 13 millones de euros. Desde siempre hemos entendido que ustedes no están por la labor de recibir

el polígono hasta solventar otros temas que nada tienen que ver con el mismo.

Ustedes, por hacerle caso a la Alcaldesa llevarán a la ruina a muchos empresarios y con ello a familias que podían estar recibiendo una nómina si el polígono fuese REMATADO Y RECIBIDO.

Ahora dicen los rumores que ustedes están dispuestos a recibirlo si los propietarios de uno de los SU de Monte Faro retiran el Contencioso que tienen interpuesto reclamando la devolución de varios millones de euros que aportaron **“para ser eximidos de hacer viviendas de protección”**.

Nosotros pensamos que esos rumores no son ciertos, o simplemente que son mentira y que lo que realmente ocurre es que ustedes reciben órdenes para retrasarlo hasta que se venda alguna parcela mas en el de Barro/Meis, algo que le exigen a la alcaldesa para poder optar a ser candidata en el 2011, lo que está consiguiendo por su falta (la de ustedes), de visión política.

Lo malo es que hemos dispuesto el dinero de los accesos, cuando íbamos a tener paralizado el parque, y para una obra que les han valorado muy por encima de su costo real. Nadie se cree que esa obra de tan mal diseño puede haber salido en 3.500.000 euros, casi 600 millones de pesetas.

Por todo ello y para su contestación en el próximo Pleno Ordinario le hacemos, a través de la alcaldesa, al concejal Sr. Angel Casal por ostentar la delegación de urbanismo, la siguiente **PREGUNTA**

- ¿Cómo se encuentran las negociaciones para recibir el Polígono empresarial de Nantes y a que se debe que no se desdoblara el aval para reconducirlo en dos, de cuantía suficiente para responder de la subestación y del saneamiento?.

- ¿Quiénes son los culpables del retraso que se están dando en lo referente al desdoblamiento de los avales?; los propietarios y VIPS le echamos la culpa al concello, ¿a quienes se la echan ustedes?.

- ¿Cómo se atrevieron a negociar con una empresa ahora cerrada, la posibilidad de permutarle una parcela para que se estableciesen dentro del polígono, cuando sabían que se tardaría años en poder llevar a cabo cualquier actividad empresarial en el polígono.

- ¿Qué es lo realmente, según ustedes, ocurre con el polígono de Nantes, quienes son los culpables y el por qué no se recibe y remata, o viceversa?.”””””

A **Sra. Alcaldesa** contestou indicándolle ao Sr. Rodríguez Lorenzo si el sabía o que pasaba co polígono, se coñecía se a subestación estaba contratada e rematado o saneamento que conecta co concello de Meaño. Aclarou que non se ía a recibir a obra de ningún solo que non estivese urbanizado e que dado que o concello gastou 1.500.000 euros para construír un acceso adecuado debido a negativa actitude da xunta, non ía consentir que o concello abonase algo que non lle correspondera. O que sí sucedeu é que a empresa recoñeceu nunha reunión que non tiña neste intre capacidade económica para rematar a urbanización, pedíndolle ao concello a posibilidade dun cambio dos avais que lle permitira afrontar o fin da obra, opción a que solo se accederá cando exista un informe técnico favorable, xa que esta non era unha negociación calquera, senón que tiña que realizarse coas máximas garantías posibles.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinalou que o importante era que este informe

técnico se realizara canto antes e a **Sra. Alcaldesa** indicou que dada a importancia do mesmo, debía realizarse sen poñer prazos estrictos e coas consultas que fixera falta coas entidades financeiras.-

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que ía a seguir con diversas preguntas e a **Sra. Alcaldesa**, dado que a última feita polo Sr. Rodríguez Lorenzo contiña varias preguntas, dirixiuse ao Sr. Secretario para que se aclarara se estas contaban cada unha deles como unha pregunta, contestando o interpelado que xa en anteriores ocasións, concretamente, nunha mesma pregunta da Sra. Aguiñ Pombo nesta mesma sesión, se considerou que as diversas preguntas realizadas nun único escrito respecto dun mesmo tema computaban como unha sola.

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 05/08/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 6204) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, D. José-Luis Rodríguez Lorenzo dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””José L. Rodríguez Lorenzo, concejal representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación expone:

Entró en vigor la **Ley 15/2010, de 5 de julio de modificación de la Ley 3/2004, de 20 de diciembre**, por la que se establecen las medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Dentro de poco, la administración deberá adecuarse para llegar a pagar en un plazo máximo de 30 días.

Existirá un periodo transitorio de aplicación.

Para las administraciones: reducción del pago a las empresas a 55 días desde su entrada en vigor; a 50 días a partir del 1 de enero de 2011; a 40 días en 2012, y a 30 días a comienzo de 2013.

A VIPS le congratula que estas medidas entren en vigor, sobre todo debido al retraso sistemático de las administraciones a la hora de efectuar pagos.

Siendo alcalde el actual representante de VIPS, se introdujo en las bases de ejecución del presupuesto algo que se mantiene a día de hoy; pero que por falta de dotes de dirección y la dejadez de sus obligaciones por parte del funcionario responsable de tesorería, no se cumple y por ello se deben cantidades desde hace años. Nos referimos a que no se aplica la **“BASE 15ª.- PLAN DE TESOURERÍA”**, en la cual se recoge que **“Corresponderá á tesourería elaborar un plan trimestral de previsión de ingresos líquidos e pagos que deberá suxeitar á alcaldía a efectos da súa modificación, non se poderán cursar ordes de pago aos perceptores, que alteren dito plan de tesourería. Queda prohibido todo pago efectuado ao marxe das dispoñibilidades de tesourería que se deduzcan do plan efectuado a tal fin”**.

Dicha base fue creada en su día con el fin de que desapareciese el compadreo y la morosidad.

Ahora ordena la ley de morosidad: **“Los tesoreros o, en su defecto los interventores de los ayuntamientos elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en la ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá precisamente el número y cuantía global de las obligaciones en la que se esté incumpliendo el plazo”**. Lo mismo, con redacción diferente, que contemplan las bases de ejecución de los presupuestos de Sanxenxo, desde hace años.

Desde VIPS invitamos a empresarios y proveedores de todos los concellos de España, a reclamar indemnizaciones por incumplimientos de la Ley, según la cual cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a reclamar indemnización por todos los costes de cobro indebidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de este.

Con esta nueva Ley los Interventores y Tesoreros tendrán que ponerse a trabajar, **más concretamente los Tesoreros**, elaborando esos informes y procediendo a los pagos en los plazos ordenados. Además de preocuparse de la recaudación para poder cumplir con los pagos.

Por todo lo anterior, y debido a que en Sanxenxo tenemos deudas pendientes de abono desde hace años, que sobrepasan cualquier baremo que sea aceptable dentro de la ya mal considerada dignidad política, además del gasto al margen de consignación presupuestaria que ustedes siguen generando, solicitamos a través de la presente **PREGUNTA:**

Se nos informe el por qué el Tesorero Municipal, no ejecuta lo ordenado en la Base 15ª del presupuesto, algo que repercute negativamente en la economía de nuestros vecinos y proveedores.

¿Qué se piensa hacer para cumplir con la Ley 15/2010 de lucha contra la morosidad, y que medidas se está tomando para pagar los cientos de miles de euros que debemos y fueron, o están, siendo gastados al margen de contrato y sin partida presupuestaria que los respalde?.”””””

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que ela non ía a realizar unha valoración do traballo dun funcionario que ocupa un posto de traballo que foi cuberto pola persoa que o desempeña actualmente na época en que o Sr. Rodríguez Lorenzo era alcalde, en todo caso, os funcionarios teñen a súa orde de cumprir as leis. Por último, engadiu, que non compartía ningunha das manifestacións verquidas no escrito da pregunta

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou como proba da existencia das débedas dende facía anos a súa propia do ano 2007. A **Sra. Alcaldesa** sinalou que non era certo que se lle deberan cantidades ao Sr. Rodríguez Lorenzo e este indicou que pediría un informe de intervención e tesourería e que si non era verdade o que dicía, dimitiría. A **Sra. Alcaldesa** engadiu que non aceptaba que se aludira a débedas pendentes dende fai varios anos e o **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu as da empresa “Mombús” que, solo por xuros por atrasos do pago, alcanzan máis de 13.000 euros.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** preguntou porqué das catro preguntas que quedaron pendentes de resposta na sesión ordinaria anterior se contestaron tres e outra referente ao transporte municipal, non, preguntándose se non será porque non existe contrato para este servizo nin consignación orzamentaria.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que non compartía o manifestado polo Sr. Rodríguez Lorenzo e que o que a el lle molestaba era que existían un servizo de transporte municipal funcionando e que estaba sendo utilizado polos veciños.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, de todo o que, eu Secretario,
DOU FE :